

**CONCURSO PARA O DÍA INTERNACIONAL  
DO LIBRO INFANTIL 2020  
«UN POEMA NA TÚA VOZ»**

Coa ocasión do DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) convoca o concurso «Un poema na túa voz» co fin de incentivar a lectura do xénero poético entre a rapazada, promover e defender a potencialidade expresiva da poesía en voz alta e contribuír á divulgación da creación poética de autoras e autores galegos.

**BASES DE PARTICIPACIÓN:**

1. Poderá participar no concurso o lectorado que estea cursando primaria ou o primeiro ciclo de secundaria a través da súa biblioteca escolar, dunha biblioteca pública ou librería. Para iso, cada nena ou neno deberá:
  - a) Escoller un poema infantil ou xuvenil dunha autora ou autor da literatura galega
  - b) Gravar o poema en formato de audio WAV ou MP3
  - c) Enviar o audio poético a GÁLIX xunto á ficha de datos e mais a ficha de autorización da nai, pai ou persoa titora
2. Deberán achegarse os datos que identifiquen o poema, a persoa lectora e mais a persoa mediadora no centro escolar, biblioteca pública ou librería. Cómpre enviar tamén unha autorización da nai, pai ou persoa titora para a reprodución dos audios nas plataformas dixitais de GÁLIX. Os modelos de fichas para enviar todos os datos e mais a autorización poderán atoparse na páxina web de GÁLIX, e deberán adxuntarse xunto ao audio poético correspondente. Todos os arquivos titularanse co nome do poema e mais da persoa lectora, do seguinte xeito: APELIDOS, NOME\_TÍTULO POEMA.
3. Os centros escolares, bibliotecas públicas e librerías poderán enviar a GÁLIX todos os traballos que consideren segundo o seu bo criterio antes do venres 10 de abril. Os envíos deberán realizarse por enderezo electrónico ([galix@galix.org](mailto:galix@galix.org)), indicando no asunto Concurso DILI «Un poema na túa voz».

4. Establécese un premio para cada unha das seguintes categorías:
  - a) Lectorado inicial (1º, 2º e 3º de primaria)
  - b) Lectorado avanzado (4º, 5º e 6º de primaria)
  - c) Superlectorado (1º e 2º de secundaria)
5. Cada un dos premios estará dotado cun diploma e un lote de libros para as persoas premiadas e o centro escolar, biblioteca pública ou librería que presente os traballos.
6. O xurado estará integrado por representantes do Consello Directivo de GÁLIX.
7. A resolución do concurso terá lugar no mes de abril e a entrega de premios celebrarase nunha data e nun lugar establecidos polo Consello Directivo de GÁLIX, que informará sobre o evento a través das súas plataformas dixitais.
8. A participación no concurso supón a autorización das nais, pais ou persoas titoras para que os audios poidan ser reproducidos e difundidos en diferentes soportes e usos relacionados co Día Internacional do Libro Infantil sen que iso dea dereito a retribución algunha para as persoas concursantes.
9. O envío de audios poéticos para o concurso supón a aceptación e conformidade coas presentes bases.

Santiago de Compostela, xaneiro 2020